

A posición da literatura traducida no sistema literario galego

Susana Cruces

Dende hai xa uns cantos anos asistimos a un cambio nas tendencias dominantes da crítica literaria; temos pasado do máis absoluto textocentrismo cara a posicións que entenden a literatura como algo máis complexo: se o fenómeno literario é entendido como un acto de comunicación, é evidente que no proceso se encontran implicados moitos máis factores que a mensaxe, como é o lector individual, ou ben o público en xeral (o receptor), o escritor (emisor), inmerso nunha serie de códigos vixentes, e outros textos, por exemplo, que conforman o panorama literario dunha época. Un dos máis coñecidos representantes destas novas teorías é Itamar Even-Zohar, do Porter Institute of Semiotics de Tel Aviv. Considera que un estudo da literatura que englobe todos os factores anteriormente citados, pasa pola consideración da mesma coma un todo, un sistema, entendido este como:

A rede de relacións que teoricamente existen entre unha certa cantidade de actividades chamadas «literarias» e, conseguintemente, esas actividades mesmas observadas a través desta rede¹.

Sen embargo, non existen actividades que se podan considerar *a priori* necesariamente «literarias», senón que a introducción de variables é máis ben cuestión do enfoque teórico que se teña no momento do estudo. Para a comprensión da anterior afirmación, é importante introducir a noción de «vida literaria», entendida:

non como factor «ambiental», no senso de «trasfondo» (...) senón como parte esencial das intrincadas relacións que rexen o agregado de actividades que constitúen a «literatura» (...). O sistema literario comprende deste modo unha gama de feitos/factores moito maior do que se acepta normalmente nos estudos literarios estándar (...). Escritores, revistas literarias, crítica literaria (no senso restrinxido) son todos factores literarios. E non hai posibilidade de determinar de antemán que actividade de entre estas é, nun período dado, a «literaria» por excelencia².

Outro dos que retoma estas teorías, é José Lambert, da Universidade Católica de Lovaina, para centrarse sobre todo no estudo das fronteiras entre sistemas. Lambert

1. I. Even-Zohar: «The literary System», in *Poetics Today*, nº 11, I, Tel Aviv, 1990, p. 28.

2. *Ibidem*, p.30.

considera que hai tres sectores fundamentais na «vida literaria», que son: a Produción, a Tradición, e a Importación. As relacións entre elas non son xamais estables, e servirían tanto para describir o funcionamento dun sistema, como para delimitar o que denominamos «literatura nacional».

Agora podémonos expoñer a seguinte cuestión: ¿Por que nos parece interesante prestarlle atención ás anteriores teorías sucintamente expostas? Primeiro, porque teñen unha visión do estudio do fenómeno literario como algo dinámico, que se ve sometido a cambios e tensións, olvidando a vella noción de estudio da historia literaria como o estudio de obras santificadas e canonizadas como «modelos», ou «boa literatura». Esta atomización non permite dar conta da complexidade á que aludimos no principio. A segunda razón é que, como ben recalcamos, se trata de teorías, hipóteses que deben ser verificadas e que non propoñen repostas ou solucións definitivas, senón que abren novas vías de reflexión e de traballo.

Unha delas, que nos parece especialmente interesante, parte do principio de non-interferencia, ou o que é o mesmo: ningunha literatura existe illada das demais³, aínda que non haxa outras interferencias noutros niveis en diferentes comunidades. O contacto realmente privilexiado son as traducións, porque «ofrecen indicacións preciosas sobre as relacións (dominio/dominación) entre o sistema orixe e o sistema receptor»⁴. Ata agora non se tocaban máis que de forma case anecdótica os contactos inter-literarios ou a presenza das traducións, habitualmente baixo a forma de influencias do autor X na produción de Y, ou das fontes dunha obra X. Os resultados eran puntuais, e non podían dar conta da posición e funcións da Importación con respecto ao conxunto da vida literaria. Pero non ocorre o mesmo coa teoría do sistema, que tenta de dar unha explicación, como imos ver a continuación.

As traducións, segundo o sistema literario ao que se dirixan (literatura-meta), poden ocupar unha posición central ou periférica⁵. Será periférica, cando a selección de textos se cinxa ás normas e modelos dominantes da literatura-meta, non compiten con estes, rearfirman os gustos dominantes. Pero pode ocorrer xusto o contrario, que a posición sexa central, o que quere dicir que as traducións si supoñen unha ameaza para a literatura-meta. En si mesmo, isto non é negativo nin positivo, senón que é un comportamento do sistema ante certas condicións dadas. Unha literatura nova, por exemplo, ou unha que ocupa unha posición débil respecto doutra dominante, ou en momentos de crises ou rupturas, necesita modelos novos que, no primeiro dos casos, seguramente aínda non posúe no seu repertorio. O habitual, de todos os xeitos, é que a literatura traducida asuma unha posición periférica, aínda que non se poida falar de posicións totalmente centrais ou periféricas.

Tendo en conta a comunidade en que vivimos e as súas peculiaridades culturais, parécenos interesante achegarnos ao panorama das obras vertidas máis ou menos

3. I. Even-Zohar, «Laws of Literary Interference», in *Poetics Today*, nº 11, I, Tel Aviv, 1990, p. 59.

4. J. Lambert: «Plaidoyer pour un programme des études comparatistes. Littérature comparée et théorie du polysystème», en : *Actes du XVI Congrès de la Société Française de Littérature Générale et comparée*, t. I, Montpellier III, 1980, pp. 59-69.

5. I. Even-Zohar, «Translated Literature within the Literay System», in *Poetics Today*, nº 11, I, Tel Aviv, 1990, pp. 46-47.

recentemente ao galego (1981-1991), apoiándonos nas hipóteses anteriormente expostas, sen que as conclusións ás que cheguemos poidan ser elevadas a definitivas, xa que se necesitaría un estudio cronoloxicamente máis amplo e bastante máis minucioso que sobrepararía as dimensións dun simple artigo.

Nun principio, pensamos que o máis interesante sería facer o balance dende o momento no que entra en vigor a Lei da Normalización Lingüística en 1983. Nembargantes, por razóns evidentes, este período non atinxe a década, e sobre todo, non se observa un aumento significativo no número de traducións a partir deste mesmo ano. Tomando o número total de obras (que non é o mesmo que obras literarias) publicadas en galego cada ano, as traducións representan sempre entre un 12 e un 14 por cento, aproximadamente. Despois, hai que ter en conta que entre estes «libros» encontramos manuais de estudos ou documentos técnicos, co que a cifra diminuíría. Para facérmonos unha idea máis axustada: en dez anos duplícase o número de obras editadas en galego (172 en 1982, 421 en 1989) e, consecuentemente, o de traducións; pero a proporción das traducións mantense constante, o que quere dicir que o sistema non parece demandar un maior número de importacións. De todos os xeitos, non podemos quedar cunha constatación de tipo estatístico, hai que analizar que tipo de obras se traducen e a quen poden ir dirixidas.

Segundo as coleccións nas que se encontran publicadas, a meirande parte das obras traducidas oriéntanse cara o público infantil-xuvenil. Unha boa parte delas poderíase adscribir aos que se consideran de forma unánime (no macrosistema da literatura europea) clásicos infantís, como poden ser *Cinsenta* ou *Carapuchiña vermella*, de Perrault; *O Parruliño feo*, de Andersen; *Hansel e Gretel*, dos irmáns Grimm; *Pinocho*, de Collodi, ou *Peter Pan*, de Barr. Tamén encontramos os «clásicos» xuvenís: *A través do espello* e *Alicia no país das maravillas*, de L. Carroll; varios da serie de Sherlock Holmes; *Robinson Crusoe*, de D. Defoe, *As viaxes de Gulliver*, de Swift; *Dr. Jeckyll e Mr. Hyde*, *O Princiño*, de Saint-Exupery, *O escarabello de ouro*, de E. A. Poe, e aínda nos quedarían uns cantos por enumerar. Resulta cando menos curioso encontrar nestas mesmas coleccións novelas como *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco ou, sen ir máis lonxe, *Paulo e Virxinia*, de B. de Saint-Pierre, que na literatura-fonte non foron consideradas obras para adolescentes precisamente. Tampouco o foron a meirande parte das anteriormente citadas. A cuestión destas desviacións é realmente interesante, pero profundizar nela supón afastarnos do tema concreto que nos ocupa.

As restantes traducións literarias, e as que en realidade nos interesan, son escasas: 23 en toda a década. Danse incluso anos nos que non se traduce absolutamente nada (1990, por exemplo). As presencias poden ser tan significativas como as ausencias, e isto permítenos emitir unha primeira hipótese: a literatura traducida ocupa unha posición periférica no sistema literario galego. Vistas así as cousas, a afirmación parécenos fácil e perigosamente simplista. Precisamente, se nos atemos ao comportamento dos sistemas, é precisamente o subsistema formado pola literatura traducida un dos máis activos á hora de propoñer novos modelos e entrar en competencia cos xa canonizados, aínda que por outra banda tamén é certo que se ve sometido ás normas estéticas e valores dominantes do sistema. Así, Lambert⁶,

6. J. Lambert, art. cit., p. 64.

retomando as teorías de Even-Zohar antes expostas, propón unha serie de cuestións que cabería cuestionarse cando o obxecto de estudio non é xa a produción, senón a importación e o alcance da mesma. Velaquí algunhas delas (a lista segue aberta):

- O prestixio do autor.
- O prestixio da literatura-fonte (nación, cultura).
- A posición do escritor nesta literatura.
- Personalidade e situación do traductor.
- Circuitos de difusión.
- Posición na literatura-fonte das obras traducidas.

A partir destas liñas mínimas e analizando o corpus das importacións, podemos lanzar unha primeira conclusión: En Galicia, tradúcese principalmente por razóns de prestixio. O do propio traductor por unha banda, escritor el tamén ou frecuentemente vencellado ao mundo da docencia (non hai que esquecer o papel desempeñado polos intermediarios no proceso de comunicación literaria, como aqueles que establecen o que se axusta ao canon, ou pola contra se encontra excluído). Por outra banda, o prestixio da obra concreta traducida, aínda que poidan diferir as razóns deste. Así, encontrámonos co que os propios intermediarios consideran «obras mestras», ben porque coñecen un éxito (prestixio conxuntural), ben porque xa eran tomadas como «clásicos» (obras canonizadas e imprescindibles para adquirir unhas referencias textuais e culturais comúns). Este é o caso da tradución do castelán de *A illa dos xacintos cortados*, Premio Nacional de Literatura. E non só iso, o traductor pertence ao mundo literario: é o escritor Alfredo Conde. Outro caso: *A familia de Pascual Duarte*, de C. J. Cela, traducida por Vicente Risco, e considerada un dos cumios da novela en lingua castelá do século XX. Tendo en conta que Galicia é unha comunidade diglósica, resulta cando menos paradóxico importar obras dun sistema adxacente, cando estas poden ser lidas na lingua orixinal.

Nembargantes, o feito de que certas obras sexan consideradas «mestras», non sempre se corresponde na realidade cunha posición central, canonizada, na literatura-fonte. Isto é o que sucede con *Gargantúa e Pantagruel*, de F. Rabelais, ou *O Cantar de Roldán*, os cales ocupan hoxe en día unha posición periférica na literatura francesa, sexa porque nunca a tiveron, sexa porque a perderon, reducíndose a súa lectura a ámbitos universitarios ou eruditos. A súa tradución ao galego, que de seguro foi dunha gran dificultade lingüística, non foi allea ao feito de que os que dela se encargaron estean vinculados á docencia. Estas obras, que dende hai moito tempo non son capaces de xerar modelos no seu sistema orixinario, dificilmente poderán representar innovacións para a literatura que os importa. Outro tanto sucede por exemplo cos *Poemas* de Catulo, ou as *Fábulas* de Fedro, pezas máis ben de museo (fósiles literarios) totalmente desvencelladas dos sistemas europeos, sexan ou non de expresión romance.

Pero non todo é prestixio. Como apunta Even-Zohar⁷, cando unha literatura é xove ou necesita actualizar a súa lingua renovada recentemente, importa os modelos que non posúe. En Galicia (e non cremos necesario acudir á historia para o que de todos

é sabido), non é tanto cuestión de mocidade, como de interrupción do funcionamento normal dun sistema. Hai traducións que revelan máis un esforzo de adaptación lingüística como reivindicación cultural e política ca unha verdadeira necesidade de revitalización de modelos literarios existentes. Abóndanos con acudir a certos prólogos: ademais do valor estrictamente literario, insístease no labor de resurrección da lingua, é dicir, confíreselles un valor simbólico. Vexamos, por exemplo, a adaptación de F. Pillado de *As tres irmás*, de Chekhov, para o Centro Dramático Galego:

Non en van quen fixo esa versión –e sei o que digo cando digo versión e non tradución– esmerouse en poñer nela todo o seu grande talento e todo o seu xeneroso amor polo idioma e polo teatro galegos. O talento e o amor mercede aos cais leva feito (...) o máis inxente labor de recuperación da avenza histórica e de promoción da vida presente do teatro galego⁸.

Ao lado destas traducións, encontrámonos con algunhas outras illadas, por así dicir, sen que se lles poida atribuír un valor ou característica específicos: Varios volumes de poesía traducidos do castelán, *A caída*, de A. Camus, *O demo nos outeiros*, de C. Pavese, ou *Voo de noite*, de Saint-Exupéry. Constatamos que predominan as producións do século XX, aínda que é certo que o feito de que algunhas delas sexan de poesía implica que se han de manter en posición periférica, posto que este xénero se viu desprazado progresivamente neste século en favor da novela.

En realidade, o que denota o panorama das importacións ata aquí exposto é a total ausencia de calquera directriz teórica que rixa a selección das mesmas. Tradúcese un pouco ao azar, por motivacións persoais ou apetencias propias, nin tan sequera por moda. Isto trae consigo a imposibilidade de configurar o horizonte literario común aos lectores que están inmersos na cultura occidental. A normalización lingüística que se quere conseguir mediante as traducións, cuestión na que non entramos, supón o dislocamento das referencias textuais contemporáneas do lector galego, tal é a ausencia de criterios con que se está a levar a cabo. O problema é que non parece haber unha verdadeira reflexión sobre a posición desta literatura no seu sistema de orixe, a fin de saber que significación adquiriría e qué aportación podería supoñer para o sistema galego que a «recoloca».

Cómpre agora preguntarmos se a hipótese que lanzabamos ao principio se verifica efectivamente. Se o número e a posición das importacións é reducido, é porque estas, segundo explicabamos na pequena introducción teórica, non achegan novos modelos ou confirman os xa vixentes. Este sería o caso da literatura traducida en posición periférica. Nembargantes, a análise (aínda que non excesivamente detallada) deste subsistema non parece confirmar este comportamento; pero tampouco que a literatura traducida estea en posición central, posto que vimos como na propia literatura-fonte algúns modelos están realmente caducos, e outros non

8. X. M. Beiras, Introducción a A. P. Chekhov, *As tres irmás*, A Coruña: Ed. do Castro, Libros de teatro Don Satúrio, 1987.

representan alternativas reais aos vixentes na literatura-meta. Este paradoxo non é senón aparente. Ata o momento témonos ocupado do sistema literario galego como se existise aillado dos outros, como se o seu único punto de contacto fosen as importacións. Nada máis falso. Recorremos unha vez máis ás palabras de Lambert⁹:

O contacto coa vida literaria en bruto (...) obríganos, de entrada, a distinguir entre «diferentes literaturas», que coexisten en todas as partes e que só os investigadores tentan dende hai moito tempo separar: trátase de sistemas que se distinguen en parte, pero que por outra se interpenetran.

Precisamente, unha das características do sistema galego, é a coexistencia co sistema literario de expresión castelá: os límites lingüísticos non coinciden cos xeográficos e/ou políticos. Así, os lectores de lingua galega serano con toda probabilidade en lingua castelá, ao lles resultar esta perfectamente intelixible. Mesmo as referencias a un contexto literario castelán son perfectamente recoñecidas por estes lectores, participando de ambos os sistemas. Isto é o reflexo e a consecuencia da situación diglósica que se está a vivir na comunidade galega. Un dos sistemas entra en competencia co outro: o maior número de producións e o maior peso dos axentes literarios (entre os que tamén podemos incluír aos medios de comunicación de masas) do sistema castelán presiona ao galego. Se este último necesita novos modelos non os ha de importar doutro máis afastado, senón que ha de recorrer ao sistema adxacente. Así, obras e traducións en lingua castelá compórtanse globalmente como importacións do sistema galego, que se atopa en posición débil¹⁰ con respecto ao castelán. Este calificativo non é necesariamente pexorativo, indica simplemente unha posición que, aínda correlacionadas coas condicións materiais e políticas, vén condicionada polas relacións de vecindade entre comunidades culturais e a proporción maioría/minoría que entre elas se establece. Como xa dixemos antes, o que se dá é unha coexistencia, unha interpenetración de sistemas, que é o que en realidade sucede para unha boa parte dos lectores en galego.

Se a maioría das importacións proveñen do sistema veciño, é en parte debido á falla de criterios de selección do propio sistema galego. E certo que resultaría completamente imposible prescindir das primeiras, tanto por razóns históricas como políticas ou culturais. Pero se o que se pretende é normalizar o uso da lingua por medio da literatura, e concretamente mediante a literatura traducida, pensamos que non estaría de máis unha reflexión por parte de aqueles axentes literarios (léase editoriais, tradutores, ensinantes) directamente implicados no proceso de comunicación literaria. O perigo que se corre traducindo sen directrices nin prioridades, é falsear a imaxe deste conxunto que o lector ten feita, e crear un horizonte de lecturas desaxustado das realidades literarias circundantes.

Susana Cruces Colado
Universidade de Santiago de Compostela

9. J. Lambert, «Un modèle descriptif pour l'étude de la littérature. La littérature comme polysystème». Universidade Católica de Lovaina, 1983, p. 15.

10. O concepto de «literatura en posición débil» (*weak*) atópase explicado no artigo de Even-Zoar «Interference in Literary Dependent Polysystems», in *Poetics Today*, nº11, 1, Tel Aviv, 1990, pp. 79-83.

Outra bibliografía

Figueroa, Antón, «Literatura nacional e sistema literario», en *A trabe de ouro*, tomo III, ano III, xullo/agosto/setembro, 1992, pp. 399-407.

Lambert, José, «Les relations littéraires internationales comme problème de réception», en *Oeuvres et critiques*, vol. 11, pp. 173-189, 1986.